



Instituto Tecnolóxico de Matemática Industrial

## Procedemento de renovación dos órganos de goberno de ITMATI

Aprobado pola Comisión Executiva na su xuntanza de data 16 de decembre de 2016, pola Comisión Científico Técnica na súa xuntanza de data 16 de decembre de 2016 e polo Consello de Goberno de ITMATI na súa xuntanza da data 22 de decembro de 2016.

O próximo ano 2017 cúmprense catro anos desde a publicación no DOG do luns 4 de marzo de 2013 da resolución do 18 de febreiro de 2013 dos reitores das universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo, pola que se acorda a publicación do *Convenio de colaboración entre a Universidade da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo para a creación do Consorcio Instituto Tecnolóxico de Matemática Industrial (ITMATI)*.

De acordo aos Estatutos de ITMATI, no seu **Artigo 9 “Dos órganos de goberno, duración do mandato e competencias”**, expónse a continuación para cada un dos órganos de goberno, as cuestións máis relevantes de cara a súa renovación.

### 1. Consello de Goberno (CdG).

*“O Consello de Goberno será o órgano superior de goberno do Consorcio e estará formado por membros institucionais, membros científicos e o/a director/a do Itmati. Os membros institucionais serán un representante de cada unha das entidades consorciadas e designados por estas. Os membros científicos serán catro investigadores das institucións pertencentes ao Consorcio. Os membros científicos serán propostos pola Comisión Científico Técnica do Itmati e a súa candidatura deberá ser aprobada polo Consello de Goberno.”*

*“A duración do mandato dos membros institucionais do Consello de Goberno será de catro anos, sen prexuízo de poder ser reelixidos pola entidade á que representan por períodos sucesivos. Non obstante o anterior, a perda da condición pola que foi elixido na entidade que representa, determina automaticamente a perda da condición de membro do Consello.”*

**Instituto Tecnolóxico  
de Matemática Industrial**

[www.itmati.com](http://www.itmati.com)

Edif. Instituto Investigacións Tecnolóxicas, planta -1

Rúa de Constantino Candeira s/n.

15782 Campus Vida / Santiago de Compostela.

[itmati@itmati.com](mailto:itmati@itmati.com) | Telf.: +34 881 813 357



Instituto Tecnológico de Matemática Industrial

Será competencia de cada unha das Universidades membros do Consorcio designar aos seus representantes unha vez rematado o seu mandato.

*“A duración do mandato dos membros científicos do Consello de Goberno será de catro anos, sen prexuízo de poder ser reelixidos. Non obstante, tamén poderían ser renovados por razóns excepcionais recoñecidas polos dous terzos dos membros da Comisión Científico-Técnica e ratificadas polo Consello de Goberno.”*

Será competencia da Comisión Científico-Técnica propoñer ao Consello de Goberno aos membros científicos do Consello de Goberno unha vez rematado o seu mandato.

Entre outras son competencias do Consello de Goberno:

*“O nomeamento dos membros da Comisión Científico-Técnica.*

*O nomeamento do/a director/a do Itmati por proposta da Comisión Científico-Técnica.*

*Nomear ao/á xerente do Itmati, por proposta da Comisión Executiva e co informe favorable da Comisión Científico-Técnica.”*

## **2. Comisión Científico-Técnica (CCT).**

*“A Comisión Científico-Técnica estará integrada por un representante institucional de cada un dos membros do Consorcio, por persoal científico pertencente ás institucións integradas no Consorcio e polo/a director/a do Itmati.”*

*“O persoal científico representará como mínimo as dúas terceiras partes dos membros da comisión. Inicialmente estará formada polos once investigadores principais promotores do Itmati .....”*

*“A Comisión Científico-Técnica manterá a súa composición inicial durante os primeiros catro anos. Despois renovaranse os cargos institucionais por proposta de cada institución cada catro anos.”*

Será competencia de cada unha das Universidades membros do Consorcio designar aos seus representantes na comisión unha vez rematado o seu mandato.

**Instituto Tecnológico  
de Matemática Industrial**

[www.itmati.com](http://www.itmati.com)

Edif. Instituto Investigaciones Tecnológicas, planta -1

Rúa de Constantino Candeira s/n.

15782 Campus Vida / Santiago de Compostela.

[itmati@itmati.com](mailto:itmati@itmati.com) | Telf.: +34 881 813 357



Instituto Tecnológico de Matemática Industrial

*“O/A secretario/a da Comisión será renovado cada vez que se renoven os membros institucionais da Comisión.”*

O secretario da Comisión é o Xerente de ITMATI e é competencia do Consello de Goberno o seu nomeamento.

*“O persoal científico, despois dos primeiros catro anos, renovarase nunha porcentaxe dun terzo cada dous anos. A renovación será proposta tras a presentación das oportunas candidaturas por unha comisión de expertos nomeada polo Consello de Goberno. A súa elección farase por criterios científicos no ámbito da transferencia de tecnoloxía matemática ao sector produtivo.”*

Entre outras son competencias da CCT as seguintes:

*“Propoñer os membros científicos do Consello de Goberno.*

*Propoñer ao/á director/a do Itmati para que sexa nomeado polo Consello de Goberno.*

*Dar o visto e praxe á proposta do/a xerente efectuada pola Comisión Executiva para que sexa nomeado polo Consello de Goberno.”*

### **3. Comisión Executiva (CE).**

*“A Comisión Executiva estará formada polos membros científicos do Consello de Goberno e polo/a director/a do Itmati que a presidirá.”*

Entre outras funcións corresponde a CE:

*“Propoñer o/a xerente do Itmati, co visto e praxe da Comisión Científico-Técnica, para o seu nomeamento polo Consello de Goberno.”*

### **4. Director de ITMATI.**

De acordo aos estatutos, no seu **Artigo 10 “Director/a do Itmati”**

*“O Consello de Goberno, por proposta da Comisión Científico-Técnica, nomeará o/a director/a do Itmati...”*

*“O cargo de director/a do Itmati renovarase cada vez que se renove o Consello de Goberno.”*

**Instituto Tecnológico  
de Matemática Industrial**

[www.itmati.com](http://www.itmati.com)

Edif. Instituto Investigaciones Tecnológicas, planta -1

Rúa de Constantino Candeira s/n.

15782 Campus Vida / Santiago de Compostela.

[itmati@itmati.com](mailto:itmati@itmati.com) | Telf.: +34 881 813 357



Instituto Tecnolóxico de Matemática Industrial

### **Datas Constitución Órganos de Goberno actuais de ITMATI**

O primeiro órgano de goberno de ITMATI en constituírse foi a CCT, na súa xuntanza do 25 de marzo de 2013, na que se propuxeron os membros científicos do Consello de Goberno e á Directora de ITMATI.

O Consello de Goberno Transitorio, formado polo membros institucionais designados polas universidades membros do Consorcio ITMATI, reuniuse o 25 de marzo de 2013, no que aprobou o nomeamento dos seus membros científicos e o Director de ITMATI.

A Comisión Executiva reuniuse por primeira vez o 17 de abril de 2013.

### **Calendario de renovación dos distintos Órganos de Goberno de ITMATI**

O calendario de renovación dos órganos de goberno do centro será bianual e debe incluír todos os procesos de renovación de todos os órganos de goberno de ITMATI susceptibles de renovación no bienio correspondente.

O calendario de renovación dos membros científicos da CCT debe ser aprobado polo CdG de ITMATI a proposta da CE con anterioridade a que finalice o período de dous anos desde a constitución da CCT anterior, agás na primeira renovación que se fará antes de finalizar o período de catro anos desde a constitución da primeira CCT.

O calendario de renovación dos representantes institucionais da CCT debe ser aprobado polo CdG de ITMATI a proposta da CE con anterioridade a que finalice o período de catro anos desde a renovación anterior deste colectivo na CCT,

O calendario de renovación do CdG debe ser aprobado polo CdG de ITMATI a proposta da CE do Centro con anterioridade a que finalice o período de catro anos desde a constitución do CdG anterior.

O calendario de renovación bianual dos órganos de goberno do centro susceptibles de renovación nese bienio debe ser comunicado a todos os investigadores adscritos a ITMATI e ser divulgado na páxina WEB do Centro; do

**Instituto Tecnolóxico  
de Matemática Industrial**

[www.itmati.com](http://www.itmati.com)

Edif. Instituto Investigacións Tecnolóxicas, planta -1

Rúa de Constantino Candeira s/n.

15782 Campus Vida / Santiago de Compostela.

[itmati@itmati.com](mailto:itmati@itmati.com) | Telf.: +34 881 813 357



Instituto Tecnológico de Matemática Industrial

mesmo xeito debe darse a debida publicidade ao resultado provisional e final das distintas etapas do proceso.

Se o calendario de renovación inclúe a renovación do CdG, unha vez iniciado o proceso tanto o Director como o Xerente de ITMATI o serán en funcións ata completar o proceso de renovación.

### **Renovación dos representantes institucionais do Consello de Goberno (CdG)**

Se o calendario de renovación inclúe a renovación do CdG, solicitarase ás institucións membros do consorcio a renovación dos cargos institucionais do CdG. Esta renovación deberá incluírse no calendario de renovación bianual que corresponda dos órganos de goberno. En todo caso a renovación dos cargos institucionais deberá facerse con anterioridade ao prazo previsto de renovación do persoal científico da CCT correspondente a ese mesmo bienio.

A renovación dun representante institucional será efectiva no seguinte CdG que se convoque a partir do momento que se reciba no centro o nomeamento do representante institucional correspondente, e se incorporará ao cargo dentro do CdG de acordo co turno rotatorio establecido no primeiro CdG de ITMATI de data 25 de marzo de 2013.

### **Renovación dos representantes institucionais da Comisión Científico Técnica (CCT)**

Se o calendario de renovación inclúe a renovación dos representantes institucionais da CCT, solicitarase ás institucións membros do consorcio a renovación dos mesmos.

Esta renovación dos representantes institucionais da CCT deberá incluírse no calendario de renovación bianual que corresponda dos órganos de goberno. En todo caso, o prazo para esta renovación deberá ser anterior ao prazo previsto de renovación do persoal científico da CCT correspondente a ese mesmo bienio.

A renovación dun representante institucional será efectiva na seguinte CCT que se convoque a partir do momento que se reciba no centro o nomeamento do representante institucional correspondente.

**Instituto Tecnológico  
de Matemática Industrial**

[www.itmati.com](http://www.itmati.com)

Edif. Instituto Investigaciones Tecnológicas, planta -1

Rúa de Constantino Candeira s/n.

15782 Campus Vida / Santiago de Compostela.

[itmati@itmati.com](mailto:itmati@itmati.com) | Telf.: +34 881 813 357



Instituto Tecnológico de Matemática Industrial

## Renovación do persoal científico da Comisión Científico Técnica (CCT)

- Fixase o número de membros do persoal científico da CCT en nove, debendo renovarse ao menos tres deles cada dous anos.  
De xeito transitorio, na primeira renovación da CCT, na que o persoal científico estaba conformado polos once promotores de ITMATI, ademais da renovación de ao menos tres membros, debe reducirse o persoal científico da CCT en dous membros adicionais.
- Para decidir qué membros do persoal científico da CCT deben renovarse, a CE actual elaborará unha lista seguindo o seguinte criterio:
  - Renovarase o persoal científico que non este adscrito a ITMATI ou cuxa adscrición este en suspenso de acordo co Anexo vixente de investigadores adscritos do *Convenio de Colaboración entre o Consorcio Instituto Tecnológico de Matemática Industrial e a Universidade da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo para fixar o marco de participación destas universidades membros do Consorcio no mesmo.*
  - Renovarase o persoal científico que así o solicite no prazo habilitado para ilo no calendario de renovación.
  - Si nos dous puntos anteriores non se acada o número de membros que é preciso renovar, renovaranse aqueles membros da CCT que leven mais tempo como membros da mesma, ata completar o número que sexa preciso. No caso de empate na antigüidade na CCT procederase a un sorteo entre os membros mais antigos ata acadar o número necesario.
- Publicarase a lista provisional de membros do persoal científico da CCT que cesan na composición actual da mesma e abrirase un prazo de ao menos 10 días hábiles para presentar alegacións á posibles erros na mesma. Ao finalizar este prazo a CE fará unha proposta de lista definitiva de membros do persoal científico da CCT que cesan na composición actual da mesma, lista que debe ser ratificada polos membros institucionais da CCT actual. Así mesmo, a CE debe publicar o número de prazas vacantes na CCT actual.

**Instituto Tecnológico  
de Matemática Industrial**

[www.itmati.com](http://www.itmati.com)

Edif. Instituto Investigaciones Tecnológicas, planta -1

Rúa de Constantino Candeira s/n.

15782 Campus Vida / Santiago de Compostela.

[itmati@itmati.com](mailto:itmati@itmati.com) | Telf.: +34 881 813 357



Instituto Tecnológico de Matemática Industrial

- A CCT transitoria estará formada polos membros institucionais, xa renovados se o proceso de renovación inclúe a renovación deste colectivo, e polos membros do persoal científico que permanezan na CCT.
- O secretario da CCT transitoria será o xerente ou o xerente en funcións se o actual proceso de renovación inclúe a renovación do CdG.
- Si un dos membros a renovar da CCT é ademais o director de ITMATI, ou o proceso actual de renovación inclúe a renovación do CdG, a presidencia da CCT transitoria corresponderá ao membro de maior idade; noutro caso a CCT transitoria será presidida polo director de ITMATI.
- O Calendario de renovación debe incluír un período de presentación de candidaturas a participar como persoal científico na CCT.
- Os candidatos que se presenten para ser membros do persoal científico da CCT deberán ser investigadores adscritos a ITMATI no momento da presentación da súa candidatura, polo que deben estar así recoñecidos no Anexo vixente de investigadores adscritos do *Convenio de Colaboración entre o Consorcio Instituto Tecnológico de Matemática Industrial e a Universidade da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo para fixar o marco de participación destas universidades membros do Consorcio no mesmo.*
- O CdG propondrá unha Comisión de Expertos para a avaliación das candidaturas presentadas para ser membro científico da CCT.
- A Comisión de Expertos, dentro do prazo indicado no calendario de renovación, debe presentar ao Consello de Goberno unha proposta de ao sumo o número de postos do persoal científico vacantes na CCT. Esta proposta farase por criterios científicos no ámbito da transferencia de tecnoloxía matemática ao sector produtivo entre os candidatos

**Instituto Tecnológico  
de Matemática Industrial**

[www.itmati.com](http://www.itmati.com)

Edif. Instituto Investigaciones Tecnológicas, planta -1

Rúa de Constantino Candeira s/n.

15782 Campus Vida / Santiago de Compostela.

[itmati@itmati.com](mailto:itmati@itmati.com) | Telf.: +34 881 813 357



## Instituto Tecnológico de Matemática Industrial

presentados. A proposta da Comisión de Expertos debe ser aprobada polo CdG. Unha vez aprobada a proposta comunicarase á CCT transitoria o nome dos novos membros, que se incorporarán de pleno dereito na seguinte sesión da CCT.

- A CCT renovada se constituirá na seguinte xuntanza da Comisión baixo a presidencia do membro de maior idade si o proceso actual de renovación inclúe a renovación do CdG; noutro caso a presidencia corresponderá ao director de ITMATI.
- Atendendo ao calendario de renovación dos órganos de goberno de ITMATI e si o calendario de renovación inclúe a renovación do CdG, a CCT renovada presentará unha proposta de membros científicos ao CdG. Os membros da proposta deben ser investigadores das institucións pertencentes ao Consorcio; aprobada a proposta nunha xuntanza extraordinaria do CdG, os novos membros científicos incorpóranse de pleno dereito como membros científicos do CG e tamén como membros da CE de ITMATI.
- A CCT renovada presentará ao CdG unha proposta de Director de ITMATI. Unha vez ratificada a proposta polo CdG nunha xuntanza extraordinaria, cesará o director en funcións, e o novo director incorporárase de pleno dereito ao CdG e a CE, concluíndo así a renovación dos mesmos. O novo Director asumirá as responsabilidades indicadas nos Estatutos de ITMATI.
- A CE renovada, e de acordo co calendario de renovación dos órganos de goberno previsto, proporá o nomeamento de Xerente de ITMATI. Unha vez que a proposta teña o visto e praxe da CCT e a aprobación do CdG, procederase a seu nomeamento polo CdG, entendéndose cesado simultaneamente o Xerente en funcións.





Instituto Tecnológico de Matemática Industrial

## Calendario de renovación 2017

- Órganos de goberno a renovar:
  - Os membros institucionais do CdG.
  - Os representantes institucionais da CCT.
  - Os membros científicos da CCT.
  - Os membros científicos do CdG.
  - Os membros da CE.
  - O director.
  - O xerente.
- Solicitud de ás institucións membros do consorcio da renovación dos representantes institucionais na CCT. 1 de marzo.
- Prazo no que as institucións membros do consorcio deben proceder a nomear aos seus representantes institucionais na CCT. Do 2 ata o 23 de marzo.
- Solicitud de ás institucións membros do consorcio da renovación dos representantes institucionais no CdG. 1 de marzo.
- Prazo no que as institucións membros do consorcio deben proceder a nomear aos seus representantes institucionais no CdG. Do 2 ata o 23 de marzo.
- Prazo de presentación de instancia para os membros científicos da CCT que desexen cesar na mesma. Desde o 27 de febreiro ata o 9 de marzo.
- Data sorteo dos membros do persoal científico da CCT que se renoven ata acadar o número mínimo de renovacións de membros necesario no proceso de renovación. O 10 de marzo as 10:00 na Sala de reunións de ITMATI.
- Data publicación lista provisional de membros que cesan como persoal científico da CCT. 10 de marzo.
- Prazo de reclamacións sobre posibles erros ou omisións da lista provisional de membros que cesan como persoal científico da CCT. Do 13 ao 23 de marzo ambos os dous incluídos.
- Data publicación lista definitiva de membros que cesan como persoal científico da CCT e número de vacantes no colectivo de membros científicos da CCT. 24 de marzo.

**Instituto Tecnológico  
de Matemática Industrial**

[www.itmati.com](http://www.itmati.com)

Edif. Instituto Investigacións Tecnolóxicas, planta -1

Rúa de Constantino Candeira s/n.

15782 Campus Vida / Santiago de Compostela.

[itmati@itmati.com](mailto:itmati@itmati.com) | Telf.: +34 881 813 357



Instituto Tecnolóxico de Matemática Industrial

- Prazo de presentación de candidaturas a participar como persoal científico na CCT. Desde o 25 de marzo ata o 4 de abril.
- Prazo para que a Comisión de Expertos nomeada polo CdG presente unha proposta de novos membros científicos da CCT. Desde o 5 de abril ata o 21 de abril.
- Prazo para que o CdG aprrobe a proposta presentada pola Comisión de Expertos. Antes do 1 de maio.
- Prazo de constitución da CCT renovada. Antes do 2 de maio.
- Prazo para que a CCT remita ao CdG a proposta de membros científicos da mesma que estean vacantes. Antes do 2 de maio.
- Prazo para que a CCT remita ao CdG a proposta de director de ITMATI. Antes do 2 de maio.
- Prazo de aprobación polo CdG da proposta de membros científicos. Antes do 16 maio
- Prazo de aprobación polo CdG da proposta de director presentada pola CCT. Antes do 16 de maio.
- Prazo para que a CE remita ao CdG a proposta de xerente de ITMATI. Antes do 30 de xuño.

**Instituto Tecnolóxico  
de Matemática Industrial**

[www.itmati.com](http://www.itmati.com)

Edif. Instituto Investigacións Tecnolóxicas, planta -1

Rúa de Constantino Candeira s/n.

15782 Campus Vida / Santiago de Compostela.

[itmati@itmati.com](mailto:itmati@itmati.com) | Telf.: +34 881 813 357